

PAUTAS EDUCATIVAS BÁSICAS

Antes de comezar, este documento pretende resumir as pautas educativas máis básicas e fundamentais para educar aos nenos/as, especialmente dos 2 aos 12 anos.

As pautas son principios e estratexias xerais para educar. Son como “as regras do xogo” que temos que respectar na educación dos fillos/as.

Non son receitas concretas para solucionar problemas concretos, pero si vos axudarán a orientarvos, a tomar decisións e en moitos casos, daránvos pistas para resolver os problemas concretos de cada día.



1. Acordo entre a parella:

Esta é a principal pauta educativa. O neno/a ten que recibir a mesma mensaxe de papá e de mamá. Cada un poderá ter a súa propia impronta, pero finalmente a mensaxe educativa, as normas e límites, teñen que ser os mesmos.

Tedes que evitar desautorizar o que calquera membro da parella dixo diante do neno/a, evitar discutir as normas diante deles, criticarvos con eles presentes ou incumprir os acordos coa apostilla “que non se decate papá ou mamá”. Noutros

casos, o desacordo manifestase cando un dos membros se desentende e é o outro o que ten que asumir todo o peso da tarefa de educar.

O acordo supón que tedes que negociar, reflexionar xuntos ata tomar as mellores decisións... en definitiva “ir a unha”.

2. Ser exemplo positivo:

Os pais, queirádelo ou non, sodes sempre o exemplo e o espello no que se reflexan os nenos/as. Obsérvanos sempre e sempre aprende das vosas actitudes, reaccións ou de como resolvedes determinadas situacións.

Como pais, estades obrigados a ser un exemplo positivo para os vosos fillos, porque do voso exemplo aprenderán, para ben ou para mal.

3. Ensinanza directa:

A mellor forma de educalos/as e ensinándolle directamente o que queredes que fagan, como desexades que se comporten ou actúen en determinadas situacións.

A grande maioría dos pais utilizades esta técnica para ensinar aos vosos fillos/as, dende pequenos, por exemplo, o significado dos semáforos. O mesmo podedes facer con outras normas, costumes e actitudes.

4. Dispoñer de normas e límites:

Os nenos/as deben dispor dunhas normas e límites claros e concretos. As normas e límites son como as “regras do xogo” dentro das cales poden actuar. As normas dan seguridade e ademais forman parte do funcionamento básico da nosa sociedade e da nosa cultura.

Soen estar referidas a propia seguridade, *a calle cruzase collido da man*, respecto a tempos e horarios, *despois do parque ven o baño*, relación coas persoas, coidado de obxectos...

Estarán adaptadas a idade, a capacidade de cada neno/a e as circunstancias.

5. Adoptar medidas si se incumpren as normas:

Se os pais establecedes unhas normas e límites estades obrigados a ser coherentes e procurar o seu cumprimento. Se non cumprides as normas debedes adoptar medidas para que o seu incumprimento teña consecuencias.

Se non temos consecuencias, as normas e os límites deixan de ser efectivos, disípanse e perden a súa función. Pero peor aínda é cando de forma arbitraria, unhas veces teñen consecuencias e outras non.

As medidas que se soen adoptar cando as normas se incumpren serán progresivas e poden ser chamadas de atención, regañar, reparar os danos, condicionar o poder realizar determinadas actividades ou conseguir determinados obxectos ou privilexios.

6. Reforzar as condutas adecuadas:

O reforzo positivo das condutas e actitudes adecuadas é unha das medidas educativas máis eficaces. Cando reforzades, poñedes toda vosa atención na conducta adecuada e enviades a mensaxe de “así é como esperamos que actúes a próxima vez”.

As formas de reforzar son variadas. Unha das máis eficaces soe ser prestar especial atención ao comportamento adecuado. Curiosamente moitos pais/nais confesades prestar máis atención aos vosos fillos/as cando o comportamento é inadecuado.

O eloxio e a aprobación tamén é moi efectivo. O mesmo sucede con asociar o feito de desfrutar de determinados privilexios, actividades ou obxectos a comportamentos adecuados: *“ata que non fagas isto, non podes facer o outro”*, é unha boa medida.

7. Falar co neno ou a nena:

Temos que comezar sempre tratando de falar e razoar con eles/as. As normas e límites non son caprichos persoais, teñen a súa razón. A maioría dos nenos/as soen acatalas cando se lles razoa.

Falar con eles/as, explicarlles os motivos da actuación, o que se espera deles/as, é unha pauta fundamental.

8. Educar con afecto:

As relación cos fillos/as son basicamente afectivas. O afecto e a súa demostración debe estar sempre presente nas distintas manifestacións: abrazos, bicos, caricias,... pero tamén é afecto escoitalos, dedicarlles tempo, ter detalles, ter paciencia.

Pero querelos/as non é darlles todo o que piden. O afecto non exclúe que se adopten medidas, que se lles corrixa, que se lles esixa ou que se lles adestre en certas cousas necesitan esforzo para conseguilas.